

TEMPORADA 2010-2011
1º PERÍODO: SETEMBRO - DECEMBRO

Dossier de prensa

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

temporada 2010-2011

1º PERÍODO DE PROGRAMACIÓN

SETEMBRO - DCEMBRO 2010

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

ÍNDICE

1. Presentación	4
2. Producción propia	5
<i>Salomé</i>	5
Oscar Wilde e a República de Vulgaria	7
Sinopse	8
Oscar Wilde, autor	9
Carlos Santiago, director	10
3. Salón Teatro	11
4. Formación continua	35
<i>Curso sobre Shakespeare</i>	35
Alfredo Padilla	36
5. Servizos á comunidade escénica	37
5. Consello Asesor	38

O1

PRESENTACIÓN

A primeira produción propia coa súa conseguinte distribución, a posta en marcha dun programa de formación continua no eido da interpretación, a constitución dun novo Consello Asesor como órgano consultivo e o mantemento da programación do Salón Teatro son os eixos fundamentais que centrarán a actividade do Centro Dramático Galego (CDG) para o primeiro período da nova temporada (setembro a decembro de 2010) co cal se abre a xestión de Blanca Cendán como directora da entidade.

O CDG afronta esta nova andadura co obxectivo primordial de consolidar os públicos e de ofrecer a toda a cidadanía galega un servizo cultural público, próximo e de calidade, tanto nas súas producións propias como na programación da súa sede física, o Salón Teatro. O teatro, e en particular o feito en Galicia, será o gran protagonista durante estes catro meses de actividades, cumprindo así unha das liñas programáticas da nova dirección que pretende garantir que o teatro galego ocupe un lugar importante na vida das persoas, tanto dos profesionais como dos espectadores.

Dunha banda, o Salón Teatro acollerá unha ampla oferta de espectáculos de calidade para todos os gustos e, doutra, a posta en escena de *Salomé*, a partir da obra de Oscar Wilde, abrirá o plan de produción propia a cargo

dun director e dun elenco de seis actores e actrices. Os ensaios comezarán a finais de setembro e a súa estrea está prevista para o venres 26 de novembro.

No relativo ao apartado de “Formación continua”, o obradoiro de teatro de Shakespeare impartido por Alfredo Padilla, o de teatro de improvisación a cargo de Lucas García Herrador e o de teatro de Molière a cargo de Mario Tomas serán de salientar nesta temporada. Trátase de apoiar a formación dos presentes e futuros profesionais do teatro con programas pedagóxicos variados, aproveitando a visita a Galicia de destacados mestres ou profesionais da escena a nivel internacional.

Finalmente, o Consello Asesor do CDG cobra nesta etapa unha importancia vital no desenvolvemento da actividade do centro. Este órgano consultivo formado por cinco persoas salientables dentro do panorama teatral galego e dúas pertencentes ao eido do audiovisual e á universidade respectivamente asesoran a dirección da compañía institucional nas cuestións de programación, toma de decisións ante novas producións e coproducións, autores, relacións coa universidade, creación de novos públicos, cuestións xurídico-administrativas e doutra índole que sexa preciso consultar.



O2 PRODUCCIÓN PROPIA

Salomé
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
Autoría: Oscar Wilde
Dirección: Carlos Santiago

Estrea: venres 26 de novembro no Salón Teatro de Santiago de Compostela

No plan de produción propia, a compañía pública inaugura este novo curso teatral coa produción do espectáculo *Salomé*, a partir do texto de Oscar Wilde e baixo a dirección de Carlos Santiago. A estrea será o 26 de novembro no Salón Teatro de Santiago, onde se escenificará ata o 19 de decembro para iniciar despois unha xira de tres meses de representacións por escenarios galegos e de fóra de Galicia.

Dentro da obra dramática de Oscar Wilde, *Salomé* ocupa un lugar singular. Fronte ás comedias de ton irónico e sutil que lle deron éxito e fama na época, como *Unha muller sen importancia*, *O abano de Lady Windermere*, *Un marido ideal* ou *A importancia de ser Severo* (*The Importance of Being Earnest*), elegantes sátiras da sociedade vitoriana, o dramaturgo irlandés escolleu nesta peza un episodio evanxélico para crear unha traxedia de fondo escabroso arredor do conflito mítico entre Eros e Tánatos, tema recorrente no movemento simbolista. A peza agocha tamén unha crítica extrema do poder e do puritanismo moral nun retrato descarnado das paixóns humanas.

O texto foi escrito orixinalmente en francés, ao parecer coa intención de que Sara Bernhardt o representase en París, o que finalmente acabou por suceder en 1896, cando Wilde estaba xa en prisión e despois de que o Lord Chancellor prohibise a súa representación en Londres dado o seu polémico argumento. A mítica voz da intérprete francesa sería así o pretexto dos longos parlamentos líricos que converten a obra nun desafío para calquera actriz.

A obra foi recibida inicialmente con pouco entusiasmo. Prohibida en Inglaterra ata os anos trinta, Richard Strauss, admirado pola montaxe de Max Reinhardt e a tradución ao alemán de Hedwig Lachmann, converteuna en ópera en 1905 dándolle máis protagonismo a Herodes na trama, opción que foi seguida posteriormente en diferentes montaxes tanto teatrais coma cinematográficas. Neste sentido destaca a produción dos anos oitenta do Circle in Square en Broadway con Al Pacino como protagonista.

Co tempo, e fiel ao seu carácter polémico e escandaloso, a peza converteuse nun mito da cultura underground, e foi tratada por artistas tan diversos como Nick Cave, Ken Russell, Smashing Pumpkins, Doric Wilson ou Pedro Almodóvar.

Asemade, cómpre destacar a coprodución entre o CDG e a compañía Chévere en 1989, con dirección compartida de Roberto Vidal Bolaño e John Eastham, que na altura significou unha apertura do teatro galego a novas linguaxes coma o pop ou o cómic e a unha nova xeración de actores que viría renovar o panorama teatral galego.

Na montaxe que este ano presenta o Centro Dramático Galego a cargo de Carlos Santiago, apóstase por unha lectura satírica da traxedia e unha posta en escena actualizada onde o risco e unha visión nada compracente da realidade levan o temón.

No equipo artístico, o director compostelán conta coa colaboración de creadores e profesionais de longo alento como Pepe Sendón na adaptación e a tradución, Víctor Mosqueira na codirección, Fran Pérez (Narf) na banda sonora, Pancho Lapeña na escenografía, Baltasar Patiño no deseño de iluminación, Cloti Vaello no deseño de vestiario, Fausto Isorna no deseño gráfico, Uxía Vaello na coreografía e Fanny Bel no deseño de maquillaxe.

Canto ao elenco, o CDG realizou audicións a 64 actores e actrices de entre as 215 solicitudes presentadas para obter algún dos papeis dos seis personaxes previstos. O tribunal, composto por Carlos Santiago, Víctor Mosqueira e Carlos Neira, acordou finalmente seleccionar a María Mera (no papel de *Salomé*), Pepe Penabade (*Herodes*), María Salgueiro (*Herodías*), Hugo Torres (*Iokanaan*), Marcos Correa (*mozo sirio*) e Alberte Cabarcos (*paxe de Herodías*).

Oscar Wilde e a República de Vulgaria

A Oscar Wilde dixéronlle o primeiro home moderno. El mesmo pensaba iso de si. Que fora o primeiro home capaz de resumir todos os sistemas nunha frase e toda a existencia nunha agudeza. Un mestre do paradoxo, esa invencible entidade lóxica que precipita no abismo o matrimonio ideal entre razón e verdade. A verdade, estimaba o irlandés, para ser tal precisa de se converter en relixión. Xuízo tan frívolo coma profundo, que escintila de xeito perverso sobre as ruínas do World Trade Center e a sacrosanta cruzada pola democracia. Cando Wilde viviu, a historia aínda non rematara, pero encetaba xa o camiño do ultramundo. 1900. Morte de Wilde, morte de Nietzsche. O terrible século vinte comeza coa desaparición de dous agoiados malditos, poetas de inmenso caudal profético que presentiran o advento dunha nova era, fantástica e infame. A era de Dorian Grey, a era do Superhome abandonado ao seu capricho.

Traemos a Wilde, agora de novo, aos palcos galegos, xa ben entrado o novo século. Un século aínda indeciso, preso das aparencias e do grande escaparate mediático, última realidade posible na beira mesma do trivial. Xa nin sequera na arte, tal e como a entendía o propio dramaturgo, é verosímil a transcendencia. E, non obstante, un berro xordo e máis multitudinario do que cabe pensar déixase sentir por todas as partes reclamando unha pinga de sentido. É talvez o renxer

do lado escuro da realidade que aquel grande forxador de mitos soubo anticipar na súa obra. A sombra monstruosa da alta pretensión humana. Sombra de Babel, pero tamén de Babilonia, de Roma, do Londres vitoriano ou de Manhattan, capital ferida da República de Vulgaria, homofonía que o dublinés adoitaba usar para burlarse dos Estados Unidos e do imparabile ascenso da sociedade industrial, e que hoxe ben nos podería valer para satirizar o réxime globalitario que somete o mundo sen comprender un chisco da infinita variedade das súas entrañas.

Nunha época hipnotizada pola catástrofe final, que non dá chegado e queda sempre adiada para a vindeira semana, escenificamos a Wilde na esperanza de que nos permita ver máis alá de confusións dixitais e espellismos deportivos. Se cadra con el temos ocasión de pensar de novo que o vicio supremo é a superficialidade e que todo o que se comprende está ben, pensamento parido na prisión de Reading onde o escritor, desposuído da gloria e o éxito, probou en propia carne a natureza diabólica do poder.

Unha ollada coa elegancia emprestada dun home que nunca deu un pensamento por acabado e procurou por igual o verso e o reverso da realidade.

Carlos Santiago

Sinopse

Nun país mítico, Galilea, o tetrarca Herodes Antipas celebra o seu aniversario nos xardíns do pazo presidencial cun banquete organizado na súa honra pola alta sociedade xudía, un acto político que acapara a atención dos medios de comunicación pola inminencia dunha nova cita electoral. O propio César envía ao seu embaixador desde Roma para darlle a beizón do imperio á nova candidatura de Herodes. Os augurios parecen propicios e Herodes goza do momento xunto á súa esposa Herodías na mesa presidencial.

Porén, nas traseiras do pazo, fóra do pavillón que acolle o evento, o equipo de produción traballa baixo o luar incomodado pola voz iracunda de Iokanaan, profeta popular e mesiánico sometido por Herodes a dura prisión no cortello dos porcos, onde o tetrarca adoita facer desaparecer os seus peores inimigos. Mesmo así, Iokanaan non se farta de denunciar a corrupción e inmoralidade que envolve a gobernanza de Herodes desde a súa angosta prisión.

Mais o verbo terrible do profeta chama a atención de Salomé, fillastra de Herodes, moza de virxinal beleza por quen suspira toda a corte, incluído o seu padrazo, que sente por ela unha paixón inconfesable e politicamente comprometida. Salomé, celosa da súa virxindade como a deusa Selene, mais fatalmente posuída por escuras paixóns, encapríchase de Iokanaan e desencadea unha sanguenta traxedia que encherá o banquete presidencial de morte e depravación.



Oscar Wilde, autor

Escritor inglés de orixe irlandesa, Oscar Wilde (Dublín, 1854 – París, 1900), é considerado como un dos dramaturgos máis destacados do Londres vitoriano tardío; ademais, foi unha celebridade da época, coñecido polo seu agudo e grande enxeño.

Nado no seo dunha familia afeccionada á literatura, recibiu unha esmerada educación nos mellores centros culturais da época. Estudou no Trinity College de Dublín e no Magdalen College de Oxford, onde recibiu unha profunda influencia dos escritores John Ruskin e Walter Pater, que defendían a importancia central da arte na vida. Wilde axiña gañou renome polo papel que desempeñou nos movementos estético e decadente. Asemade, comezou a decorar os seus cuartos no College con plumas de pavo real, lilas, xirasoles, porcelana erótica e outros obxectos de arte. Este culto propagouse entre certos segmentos da sociedade até un punto tal que as actitudes lánguidas, as vestimentas esaxeradas e o esteticismo en xeral se converteron nunha pose recoñecida.

En 1882 realizou unha xira de conferencias polos Estados Unidos, onde estreou a súa primeira obra: *Vera*. En 1881 xa publicara unha colección de *Poemas* en París. De regreso a Gran Bretaña, publicou varios volumes de contos (*O príncipe feliz*, 1888; *O crime de lord Arthur Saville*, 1891; *Unha casa de granadas*, 1891), ensaios (*Intencións*, 1891) e a súa única novela, *O retrato de Dorian Gray* (1891), pola cal recibiu violentas críticas.

Célebre e solicitado por toda a aristocracia británica, Wilde reafirmouse como un dos grandes comediógrafos da época coas obras *O abano de Lady Windermere* (1892), *Unha muller sen importancia* (1893), *Un marido ideal* (1895), ou *A importancia de ser Severo* (1895).

En 1894, escribiu en francés *Salomé*, obra traducida ao inglés polo seu amigo lord Alfred Douglas. Un ano máis tarde, no cumio da súa carreira, converteuse na figura central do máis soado proceso xudicial do século, que conseguiu escandalizar a clase media da Inglaterra vitoriana. Wilde, que mantivera unha amizade homosexual con lord Alfred Douglas, foi acusado de sodomía polo pai deste, o marqués de Queensbury. Declarouse culpable no xuízo, celebrado en maio de 1895, e foi condenado a dous anos de traballos forzados. A súa peripecia en prisión foi descrita no poema *Balada do cárcere de Gaol* (1898), onde o aforcamento dun compañeiro lle serviu como excusa para describir íntimos sentimentos sobre o cárcere, así como na súa obra póstuma *De Profundis* (1905), extensa carta chea de resentimento dirixida a lord Alfred Douglas.

Unha vez en liberdade, e desenganado da sociedade inglesa, Wilde pasou o resto da vida en París baixo o nome falso de Sebastian Melmoth.



Carlos Santiago, director

Vinculado á xeración de lúcidos activistas culturais que xurdiron arredor da Sala Nasa de Compostela, Carlos Santiago representa unha aposta pola renovación escénica e destaca sobre todo por un humor de raíz corrosiva.

Desenvolve a súa actividade principalmente no campo das artes escénicas, tanto no teatro como na música. Desde 1997 reparte o seu traballo entre Galicia e Portugal, colaborando regularmente con compañías teatrais, formacións musicais e outros proxectos artísticos a un e outro lado do Miño.

Formou parte de diversos proxectos musicais como cantante e letrista, desde a banda afterpunk Nicho Varullo ou a Banda da Nasa, especializada en cabare, ata a Psicofónica de Conxo, unha das experiencias musicais máis relevantes na escena musical galega da última década.

De 1992 a 1997 formou parte da compañía teatral Chévere participando en diversas montaxes e proxectos da compañía como técnico, guionista ou intérprete. En 1998 iniciou o seu traballo como dramaturgo e director escénico en Portugal, na Expo 98 de Lisboa, da man de compañías como Trigo Limpo, Teatro O Bando, A Barraca, o GTN da Universidade Nova de Lisboa ou A Teia, asinando pezas como *Au Gaciar, viagem teatral ao Fin do Mundo*, *Abraço de Ferro*, *Mamã Lusitânia* ou *Ascensão e Queda de Zé Grotewski*.

A partir de 2001 escribe varias pezas para compañías galegas, como *Drácula*, espectáculo de marionetas pa-

ra Trompicallo, ou a comedia musical *Ratman e Bobyn* para Bacana Producións, da que tamén é autor da banda sonora xunto a Pepe Sendón, e dirixe *Sidecar*, da compañía Belmondo. En 2007 escribiu e dirixiu *A sega*, para o espectáculo *Pan* da compañía Volta e Dálle. En 2008 participou na escrita colectiva de *Periferia*, dirixida por Montse Triola e en 2009 escribiu e dirixiu *Finlandia* co Teatro Biodegradábel de Ohio, experimento de teatro civil que suscitou unha grande acollida por parte de público e crítica.

Desde os anos noventa realiza tamén diversos espectáculos de monólogos, tanto en Galicia como en Portugal, entre os que destacan *Monólogos finlandeses*, *Textículos*, *Desacordos ortográficos* ou *A leira magnética*, onde a ironía e a crítica da actualidade procuran sempre o entusiasmo do público.

É autor dun libro de poemas de marcado carácter experimental, *Metalurxia*, na colección Di-Versos de Edicións Positivas, e dunha novela breve, *Acantinado*, integrada na colección O Lapis do Taberneiro.

Tamén colaborou como guionista en programas de radio e televisión como *Apaga a luz*, de Atlantis Producións, ou nos espectáculos de Mofa e Befá *Finis Mundi Circus* e *Cultura para dar e tomar*. En 2005 iniciou o seu traballo como guionista en curtametraxes como *A dúas velas* ou *Microfundismos*, de Quique Otero, ou *A casa*, en colaboración con Xabier Queipo. É autor de varios guións para longametraxes como *Caixa negra* ou *Sempre en Schnell*, e documentais como *O labrego que inventou a Lúa* ou *O sexo dos espellos*.

03 SALÓN TEATRO

A aposta polo teatro feito en Galicia, así como o compromiso de favorecer o encontro co máis amplo espectro de espectadores posible, son dous dos alicerces en que se sustenta este primeiro período da nova programación do Salón Teatro. Co obxectivo de atraer e fidelizar todo tipo de públicos (adulto, infantil e familiar), deseñouse unha ampla e variada programación con propostas de calidade e interese para todos os gustos.

Xunto á nova produción da compañía institucional, da que se ofrecerán trece funcións para o público xeral, e a unha nova edición da Feira Galega das Artes Escénicas, a carteleira para este cuadrimestre acollerá outros trece espectáculos a cargo das compañías galegas Obras Públicas, Ónfalo Teatro, Lagarta, Lagarta, Elefante Elegante, Sarabela Teatro, Redrum Teatro, A Producións Artísticas, Teatro do Noroeste, Limiar Teatro, Berrobambán, Tanxarina Títeres, Títeres Trompicallo e Panamesiana Teatro.

A música tamén terá o seu oco coa celebración da segunda parte do programa “ST Música Presente”, creado pola Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Consellería de Cultura e Turismo para a promoción especial de traballos discográficos galegos a través de concertos dirixidos preferentemente a un público especializado, pero abertos tamén a todos os espectadores interesados. Nesta ocasión, presentarán os seus novos traballos discográficos Niño y Pistola, Bruma e Silvia Penide.

Programación setembro-decembro 2010

Setembro					
Día	Hora	Espectáculo	Compañía / Grupo	Xénero	Páx.
Venres 10	20.30	Life is a paripé	Obras Públicas	Teatro	18
Sábado 11	20.30	Life is a paripé	Obras Públicas	Teatro	18
Venres 17	20.30	Na meta (sálvese quen poida)	Ónfalo Teatro	Teatro	19
Sábado 18	20.30	Na meta (sálvese quen poida)	Ónfalo Teatro	Teatro	19
Martes 21	21.30	Concerto do ciclo ST Música Presente	Niño y Pistola	Música	20
Xoves 23	20.30	Cásting (a comedia)	Lagarta Lagarta	Teatro	21
Venres 24	20.30	Cásting (a comedia)	Lagarta Lagarta	Teatro	21
Sábado 25	20.30	Cásting (a comedia)	Lagarta Lagarta	Teatro	21
Domingo 26	18.00	Cásting (a comedia)	Lagarta Lagarta	Teatro	21

Outubro					
Día	Hora	Espectáculo	Compañía / Grupo	Xénero	Pág.
Venres 1	20.30	In	Elefante Elegante	Teatro - danza	22
Sábado 2	20.30	In	Elefante Elegante	Teatro - danza	22
Mércores 6	10.00 12.00	Cara ao campo das estrelas	Sarabela Teatro	Teatro. F. escolar	23
Xoves 7	10.00 12.00	Cara ao campo das estrelas	Sarabela Teatro	Teatro. F. escolar	23
Sábado 9	20.30	A pensión	Redrum Teatro	Teatro	24
Domingo 10	18.00	A pensión	Redrum Teatro	Teatro	24
Mércores 13	21.30	Concerto do ciclo ST Música Presente	Bruma	Música	25
Venres 15	20.30	Alicia & Alicia	A Producións Artísticas	Teatro	26
Sábado 16	20.30	Alicia & Alicia	A Producións Artísticas	Teatro	26
Luns 18	23.15	Homes... mulleres: O paraíso terreal	Teatro de Ningures	Teatro	27
Martes 19	23.15	O incerto señor don Hamlet	Sarabela Teatro	Teatro	27
Mércores 20	23.15	Volpone	Talía Teatro	Teatro	27
Xoves 21	23.15	Circo á feira, racións de novo circo galego	Lusco e Fusco, Arrepentimentos de Padrón, Rocas e Goces, Duelirium e Almacabra teatro-circo	Teatro	27
Venres 22	21.30	Concerto do ciclo ST Música Presente	Silvia Penide	Música	28
Xoves 28	20.30	Historias peregrinas	Teatro do Noroeste	Teatro	29
Venres 29	20.30	Historias peregrinas	Teatro do Noroeste	Teatro	29
Sábado 30	20.30	Historias peregrinas	Teatro do Noroeste	Teatro	29
Domingo 31	18.00	Historias peregrinas	Teatro do Noroeste	Teatro	29

Novembro					
Día	Hora	Espectáculo	Compañía / Grupo	Xénero	Páx.
Luns 1		Cineuropa		Cine	30
Martes 2		Cineuropa		Cine	30
Mércores 3		Cineuropa		Cine	30
Xoves 4		Cineuropa		Cine	30
Venres 5		Cineuropa		Cine	30
Sábado 6		Cineuropa		Cine	30
Domingo 7		Cineuropa		Cine	30
Luns 8		Cineuropa		Cine	30
Martes 9		Cineuropa		Cine	30
Mércores 10		Cineuropa		Cine	30
Xoves 11		Cineuropa		Cine	30
Venres 12		Cineuropa		Cine	30
Sábado 13		Cineuropa		Cine	30
Domingo 14		Cineuropa		Cine	30
Venres 26	21.00	Salomé (estrea)	CDG	Teatro	30
Sábado 27	20.30	Salomé	CDG	Teatro	30
Domingo 28	18.00	Salomé	CDG	Teatro	30

Decembro					
Día	Hora	Espectáculo	Compañía / Grupo	Xénero	Pág.
Mércores 1	11.00	Salomé	CDG	Teatro. F. escolar	30
Xoves 2	11.00	Salomé	CDG	Teatro. F. escolar	30
Venres 3	20.30	Salomé	CDG	Teatro	30
Sábado 4	20.30	Salomé	CDG	Teatro	30
Domingo 5	18.00	Salomé	CDG	Teatro	30
Mércores 8	20.30	Salomé	CDG	Teatro	30
Xoves 9	11.00	Salomé	CDG	Teatro. F. escolar	30
Venres 10	20.30	Salomé	CDG	Teatro	30
Sábado 11	20.30	Salomé	CDG	Teatro	30
Domingo 12	18.00	Salomé	CDG	Teatro	30
Mércores 15	11.00	Salomé	CDG	Teatro. F. escolar	30
Xoves 16	11.00	Salomé	CDG	Teatro. F. escolar	30
Venres 17	20.30	Salomé	CDG	Teatro	30
Sábado 18	20.30	Salomé	CDG	Teatro	30
Domingo 19	18.00	Salomé	CDG	Teatro	30
Domingo 26	19.00	Os 4 da Xunqueira	Limiar Teatro	Teatro	31
Luns 27	19.00	Bicharada	Berrobambán	Teatro	31
Martes 28	19.00	Trogloditas	Tanxarina Títeres	Teatro xestual	32
Mércores 29	17.00 19.00	O día que chegou unha nube e choveu	Títeres Trompicallo	Monicreques	32
Xoves 30	19.00	Oh, que bonito é Panamá!	Panamesiana Teatro	Teatro	33

Mostra de Teatro Infantil de Nadal

Índice por espectáculos

SETEMBRO

Teatro

Life is a paripé

OBRAS PÚBLICAS

Venres 10 e sábado 11 de setembro ás 20.30 h

Teatro

Na meta (sálvese quen poida)

ÓNFALO TEATRO

Venres 17 e sábado 18 de setembro ás 20.30 h

Música

Ciclo ST Música Presente

NIÑO Y PISTOLA

Martes 21 de setembro ás 21.30 h

Teatro

Cásting (a comedia)

LAGARTA LAGARTA

Xoves 23, venres 24 e sábado 25 de setembro ás 20.30 h; domingo 26 ás 18.00 h

OUTUBRO

Teatro - danza

In

ELEFANTE ELEGANTE

Venres 1 e sábado 2 de outubro ás 20.30 h

Teatro infantil

Cara ao campo das estrelas

SARABELA TEATRO

Mércores 6 e xoves 7 de outubro ás 10.00 e ás 12.00 h

Teatro

A pensión

REDRUM TEATRO

Sábado 9 de outubro ás 20.30 h e domingo 10 ás 18.00 h

Música

Ciclo ST Música Presente

BRUMA

Mércores 13 de outubro ás 21.30 h

Teatro

Alicia & Alicia

A PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS

Venres 15 e sábado 16 de outubro ás 20.30 h



▶ OUTUBRO

Teatro
Feira Galega das Artes Escénicas

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Do luns 18 ao xoves 21 de outubro ás 23.15 h

Luns 18

Homes... mulleres: O paraíso terreal, de Teatro de Ningures

Martes 19

O incerto señor don Hamlet, de Sarabela Teatro

Mércores 20

Volpone, de Talía Teatro

Xoves 21

Circo á feira, racións de novo circo galego, de Lusco e Fusco, Arrepentimientos de Padrón, Rocés e Goces, Duelirium e Almacabra teatro-circo

Música
Ciclo ST Música Presente

SILVIA PENIDE

Venres 22 de outubro ás 21.30 h

Teatro
Historias peregrinas

TEATRO DO NOROESTE

Xoves 28, venres 29 e sábado 30 de outubro ás 20.30 h; domingo 31 ás 18.00 h

NOVEMBRO - DECEMBRO

Cine
Cineuropa

Do luns 1 ao domingo 14 de novembro

Teatro
Salomé

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Do venres 26 novembro ao domingo 19 de decembro (venres e sábados ás 20.30 h; domingos ás 18.00 h)

Teatro infantil
Mostra de Teatro Infantil de Nadal

Do domingo 26 ao xoves 30 de decembro ás 19.00 h

Domingo 26

Os 4 da Xunqueira, de LIMIAR TEATRO

Luns 27

Bicharada, de BERROBAMBÁN

Martes 28

Trogloditas, de TANXARINA TÍTERES

Mércores 29 (ás 17.00 e ás 19.00 h)

O día que chegou unha nube e choveu, de TÍTERES TROPICALLO

Xoves 30

Oh, que bonito é Panamá!, de PANAMESIANA TEATRO

Espectáculos



Teatro

Life is a paripé

OBRAS PÚBLICAS

Autoría e dirección: José Prieto

Elenco: César Goldi, Mos e Iolanda Muíños

Venres 10 e sábado 11 de setembro ás 20.30 h

A compañía compostelá Obras Públicas propón con este espectáculo un novo xénero de teatro, o *paripé*, onde a parodia e o humor deben ser rescatados dos bares e levados de volta aos teatros.

César Goldi, Mos e Iolanda Muíños compoñen o trío interpretativo desta montaxe dirixida polo gañador de dous premios Max José Prieto, en que mesturan en proporcións similares música (33%), teatro (33%) e cachondeo (33%), o que dá un total final de cen por cen de “paripé”.

Life is a paripé está estruturada en once *sketches* que convidan a reflexionar sobre o que somos e o que aparentamos ser: *Desfile de moda sexual*, *Reencontro de amantes*, *A castración de Manolo*, *O verdadeiro “Jamillet”*, *Campións de zapping*, *Balada punkie para Cecilia*, *Drama do Actors Studio*, *A poetisa Sinforosa Prados*, *Zarzuela de gilipollas*, *Netos de Peter*, *Paul and Mary* e *Os nenos do Muro de Pink Floyd*.



Teatro

Na meta (sálvese quen poida)

ÓNFALO TEATRO

Autoría e dirección: Ana Contreras e Afonso Becerra de Becerreá

Escenografía e vestuario: Diego Costa

Iluminación e son: Ana Contreras

Achegas coreográficas: Rut Balbís

Elenco: Rut Balbís, Luísa Merelas e Toni Salgado

Venres 17 e sábado 18 de setembro ás 20.30 h

Na meta (sálvese quen poida) é unha comedia negra sobre o éxito e o fracaso, unha revisión humorística sobre o camiño cara á meta de cadaquén e o que nel se perde e se gaña. Unha nai de moito xenio saca a súa metralladora verbal e fai saltar polos aires algúns dos piares da sociedade. A nai viúva e a filla solteira reproducen dinámicas de dependencia, tiranía e submisión. Un escritor novo, que acaba de triunfar no teatro, diríxese cara á meta das dúas espectadoras que orquestran esta comedia cáustica. Unha primeira parte en que se fan as maletas e unha segunda na que se desfán. Unhas personaxes que deixan saír os monstros que a meirande parte das persoas agochamos. O riso terrible do coñecemento.

O novo espectáculo da compañía lucense Ónfalo Teatro, con texto de Thomas Bernhard, combina a acción escénica coas linguaxes da danza, a instalación, a *performance*, o *clown*, a acrobacia e outros recursos que enriquecen a plasticidade e afían o significado da obra.

En *Na meta* asistimos en tempo sincrónico a dous momentos dun mesmo día na vida de dúas mulleres, nai e filla, que invitaron un escritor e van de viaxe. O importante non é o que fan neste momento –preparar a equipaxe–, senón o que contan, toda a peripecia vital, revisada obsesivamente, que as levou a este instante de decrepitude e esperanza.



Música

Ciclo ST Música Presente NIÑO Y PISTOLA

Martes 21 de setembro ás 21.30 h

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) pon en marcha a segunda parte do ciclo de concertos “ST Música Presente”, dirixido á promoción de traballos discográficos galegos de todos os estilos diante dun público especializado.

A prioridade deste programa é ofrecerlles ás discográficas galegas unha nova canle de promoción e difusión dos seus artistas desde unha perspectiva esencialmente comercial, xa que os principais destinatarios destes directos serán programadores, promotores de festivais e certames de música, distribuidores, prensa especializada e demais axentes culturais de dentro e fóra de Galicia.

O grupo galego de pop Niño y Pistola inaugura o novo cartel cun concerto en que presentará o seu terceiro traballo discográfico, *Niño y Pistola as Arthur @ The Writers* (Ernie Records, 2010), un tributo aos *alter ego*, aos nomes falsos dos artistas e ás grandes historias.

Tomando como referencia o mesmo que fixeron os Beatles con *Sgt. Pepper*, Bowie en *Ziggy Stardust* ou os Kinks en *Village Green Preservation Society*, crearon o grupo ficticio Arthur & The Writers e inventaron arredor del unha pequena historia.



Teatro

Cásting (a comedia)

LAGARTA LAGARTA

Autoría: Roger Justafre

Dirección: Rosa Álvarez

Adaptación: Roberto Salgueiro

Escenografía e vestuario: Equipo Erro

Iluminación: Alfonso Parra

Elenco: María Bouzas, Ernesto Chao, Belén Constenla,
Rocío González e Alberto Rolán

Xoves 23, venres 24 e sábado 25 de setembro ás 20.30 h; domingo 26 ás 18.00 h

“Unha obra sobre as probas, probas, probas, uf, uf, ...

Probas para topar traballo, para ser o que non somos,
para amar ou para facer o amor, para competir...

En definitiva, sobre as túas probas, espectador/a, esas
polas que xa pasaches ou as que aínda che queden por
pasar.” (Rosa Álvarez. Directora do espectáculo).

Baseada na obra homónima do realizador de televisión, director e autor teatral Roger Justafre, *Cásting (a comedia)* é a nova aposta da compañía compostelá Lagarta Lagarta. A peza está protagonizada polos actores María Bouzas, Ernesto Chao, Belén Constenla, Rocío González e Alberto Rolán, baixo a dirección de Rosa Álvarez.



Teatro - danza

In

ELEFANTE ELEGANTE

Autoría e dirección: María Torres

Dramaturxia e espazo escénico: Gonçalo Guerreiro

Deseño de luces: Octavio Mas

Video-creación: Masako Hattori

Vestuario e atrezzo: María Chenut

Son: Germán Gundín

Elenco/bailaríns: Ángela Blanco, Gonçalo Guerreiro, Alfredo Muiño, Nuria Sotelo e María Torres

Venres 1 e sábado 2 de outubro ás 20.30 h

In significa “dentro” en inglés e “estar in” quere dicir estar na moda. *In* xorde da ambivalencia entre o ser e o parecer. O de dentro como a nosa identidade e o de fóra, o aspecto que podemos manipular, disfrazar e cambiar. O confronto do interior coa aparencia. Somos o que parecemos? Somos ou só parecemos?

A compañía de teatro galaico-portuguesa Elefante Elegante presenta un novo espectáculo visual baseado no xesto e no movemento que indaga na representación contemporánea da figura social. Igual que as súas anteriores creacións, *In* nace da fusión do teatro físico coa danza, o vídeo e as artes plásticas.

A acción desenvólvese arredor da celebración dunha voda. A actitude afectada e hipócrita dos noivos e convidados esgótase rapidamente para dar lugar a comportamentos de envexa, celos e luxuria cun pseudoideal de beleza como pano de fondo.

A estrutura dramática do espectáculo foi creada a partir de dous elementos fundamentais: por un lado, a peza dramática de Bertolt Brecht *A voda dos pequenos burgueses* e, por outro, os contos populares *Cincenta*, *Brancaleves* e *O rei sapo*, dos irmáns Grimm, e *Os zapatos vermellos* e *A vendedora dos fósforos*, de Hans Christian Andersen.



Teatro infantil

Cara ao campo das estrelas

SARABELA TEATRO

Dirección: Fina Calleja

Elenco: Fernando Dacosta e Sabela Gago

Mércores 6 e xoves 7 de outubro ás 10.00 e ás 12.00 h

(Funcións concertadas cos centros de ensino)

Fernando Dacosta e Sabela Gago protagonizan a última produción de Sarabela Teatro: *Cara ao campo das estrelas*, que conta coa dirección escénica de Fina Calleja. O Salón Teatro acollerá catro funcións concertadas cos centros de ensino desta montaxe cuxa diver-

tida trama revela algunhas das claves e dos personaxes que deron orixe ao Camiño de Santiago. Para isto, serviránse duns seres ben divertidos que vivirán situacións realmente sorprendentes.



Teatro

A pensión

REDRUM TEATRO

Autoría: Álex Sampayo, Víctor Sierra e María S. Ferreiro

Dirección: Álex Sampayo

Escenografía: Redrum

Música: Manuel Riveiro

Iluminación: Carlos Álvarez Ossorio

Vestuario: María Fandiño

Elenco: Rosa Álvarez, Tamara Canosa e Guillermo Carbajo

Sábado 9 de outubro ás 20.30 h e domingo 10 ás 18.00 h

Unha vella dominante e a súa irmá. Un mozo engaiolado nunhas mans maternas. Bonecas que falan e coñecen escuros segredos. Estritas regras que hai que obedecer. Personaxes abandonados no fío da cordura. Un conto gris sen final feliz.

A pensión é un conto de suspense que explora as consecuencias da soidade mergullándose nun mundo interior complexo, produto do abandono, do illamento e da falta de comunicación. A montaxe expón como todos estes factores poden corromper o ser humano e despoxalo da capacidade de emocionarse e de ser feliz. E como isto desemboca nunha existencia gris, marcada polo silencio, pola desconfianza e a obsesión.

A montaxe reflexiona sobre a complexidade da psique humana e sitúa a historia na decadencia dunha vellez marcada por unha vida traumatizante, retorta e escura. Trátase de introducir o espectador nunha na-

rración fluída e directa que o sitúe nun contorno asfixiante, que represente a fragilidade da separación entre a cordura e a loucura, a entrega e o desprezo.

A dificultade das relacións humanas e da convivencia son o fío condutor desta narración. Contar a historia de Sara, interpretada por Rosa Álvarez, é contar a historia do choque xeracional e cultural entre a mocidade e a vellez; é afrontar a dificultade de conexión entre os valores de antes e os de agora e diagnosticar, nunha lectura máis metafórica, as consecuencias de falar unha mesma lingua con diferentes significados.

Álex Sampayo, máis coñecido pola súa traxectoria no eido audiovisual, xa que dirixiu multipremiadas curtametraxes e as series de televisión *Terra de Miranda*, *Valderrei*, *Padre Casares* ou *El Internado* de Antena 3, estréase como director escénico da man da compañía santiaguesa Redrum Teatro.



Música

Ciclo ST Música Presente
BRUMA

Mércores 13 de outubro ás 21.30 h

A compañía pontevedresa Bruma protagoniza a segunda das actuacións do programa “ST Música Presente” no marco da que presentará o seu primeiro traballo discográfico, o DVD *Nove espellos e unha caixa de música*, editado por Cumio como resultado da gravación do espectáculo homónimo.

Consciente ou inconscientemente pasamos a vida buscando espellos humanos cuxo reflexo nos diga algo de nós. Algúns aborrecémoslos, outros namóranos, pero nada, ou case nada, dura. A partir desta re-

flexión e nun ambiente melancólico, romántico, escuro e máxica desenvólvese esta produción onde a música é o son da danza e a danza, a imaxe do son.

Baixo a dirección artística e musical de Serxio Cobos, *Nove espellos e unha caixa de música* mestura elementos circenses, toques teatrais e a atemporalidade da danza tradicional, clásica ou contemporánea (interpretada polos bailaríns Uxía Portela, Manuel Covas, María Prieto, Mercedes Prieto, Iván Costa, Miguel Fraguas e Serxio Cobos).



Teatro

Alicia & Alicia

A PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS

Autoría: Paula Carballeira

Dirección: Alfredo Rodríguez

Movemento escénico e coreografía: Olga Cameselle

Axudante de dirección: Gena Bahamonde

Escenografía: Pablo Giráldez "O Pastor"

Iluminación: Salvador del Río

Vestuario: La Canalla

Videocreacións: Álvaro Sanz Alonso

Espazo sonoro e Social Media Manager: Santi Araújo

Elenco: Anabell Gago, Borja Fernández, Rocío González,

Olivia Mate, Toni Salgado e Uxía Vaello

Venres 15 e sábado 16 de outubro ás 20.30 h

Un coello branco pasa por diante de Alicia que se aburre. A ela non lle resulta moi estraño que o coello diga que vai chegar tarde e que consulte un reloxo de peto que leva no sombreiro. A través desa chisteira, Alicia inicia a súa viaxe máxica por un submundo que a leva a atoparse coa outra Alicia, esa nena ou ese neno que todos temos dentro, que vive nun país baseado nunha continua ilóxica capaz de marear a calquera lóxica, onde radica o seu sentido cómico.

Tras unha longa caída, nada ten sentido. Alicia medra e mingua, as carreiras e os partidos de croquet non teñen regras, un rato conta unha historia seca, un leirón conta unha historia breve, unha eiruga azul fuma en narguilé, un gato aparece e desaparece, a Raíña de Corazóns só pensa en cortar cabezas e os seus naipes só queren compracela, para a Duquesa todo ten que ter

unha moral... Alicia comeza a dubidar de quen vén sendo, de cal é o verdadeiro mundo que a rodea, da sociedade en que lle tocou vivir. Ata que esperta do soño. Ou é que en realidade sempre soñamos co mesmo?

A nova montaxe de A Producións Artísticas convida a reflexionar sobre a actualidade. Para a súa posta en escena partiuse dunha adaptación na linguaxe de narración infantil utilizada no clásico de Lewis Carroll, para enfrontala cunha linguaxe estética, musical, coreográfica e audiovisual para adultos, esta última representada nun submundo do onírico, da cultura popular, movementos socioculturais, tribos urbanas, correntes éticas e estéticas... O *punk* mesturado co *grunge*, o *glam* co movemento *hippy*, unións imposibles, mutantes que na vida real non poderían convivir, coexisten neste submundo dun xeito natural.



Teatro

Feira Galega das Artes Escénicas
AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC)

Do luns 18 ao xoves 21 de outubro ás 23.15 h

Luns 18

Homes... mulleres: O paraíso terreal, de Teatro de Ningures

Martes 19

O incerto señor don Hamlet, de Sarabela Teatro


Mércores 20

Volpone, de Talía Teatro

Xoves 21

Circo á feira, racións de novo circo galego, de Lusco e Fusco, Arrepentimientos de Padrón, Rocés e Goces, Duelirium e Almacabra teatro-circo

Máis información en www.agadic.info/feira



Música

Ciclo ST Música Presente
SILVIA PENIDE

Venres 22 de outubro ás 21.30 h

A segunda entrega do programa de concertos promocionais “ST Música Presente” finaliza coa actuación de Silvia Penide. A cantante coruñesa presentará en directo o seu cuarto traballo de estudio, *Las Erres Dobles*, gravado da man de Juan de Dios Martín, músico e produtor de recoñecidas agrupacións como Deluxe, Lovely Luna ou Albertucho, entre outros.

Se se puidese definir o universo de Silvia Penide en porcentaxes podería ser un 40% cantautora, a mesma medida de solista pop e, o resto, a medio camiño entre o experimental e o electrónico. Pero o certo é que a súa proposta se basea na sinceridade, a proximidade e a inmediatez. E é que o sinxelo rara vez se afasta da verdade.



Teatro

Historias peregrinas

TEATRO DO NOROESTE

Autoría: Miguel Anxo Murado

Dirección e iluminación: Eduardo Alonso

Escenografía e vestuario: Paco Conesa

Son: Chefa Alonso

Coreografía: Chedes Suárez

Elenco: Alejandro Carro, Xan Casas, Luma Gómez, Fernando González, Julia Méndez, Mos, Victoria Pérez e Aitor Rei

Xoves 28, venres 29 e sábado 30 de outubro ás 20.30 h; domingo 31 ás 18.00 h

En *Historias peregrinas*, un grupo de cómicos percorre o Camiño de Santiago representando danzas da morte e, ás veces, algún auto sacramental. A causa dunha edición defectuosa do *Códice calixtino*, que lles serve como guía, pérdense nun bosque preto de Compostela. Están fartos de facer o que fan, particularmente o actor que fai o papel de *Muerte Justiciera*, convencido de que a súa *vis cómica* se bota a perder nun papel así, ou a actriz que fai de *Gracia Santificante*, ou o que fai de *Demonio*, que de boa gana faría teatro vangardista, moderno e a poder ser incomprensible. Así e todo, son case felices se non fose porque o actor que fai o papel de *Hombre Inocente* se fuga coa actriz que fai de *Perdón Divino* e cos cartos da recadación das últimas funcións.

Agora veranse obrigados a buscar alguén que faga de *Hombre Inocente*, o que non parece nada fácil nunha época en que o milenarismo, as herexías, as guerras e

a peste volveron malencarado a máis ou menos todo o mundo. Tampouco o público parece gustar moito das súas representacións, sobre todo cando hai moitas execucións públicas ás que asistir, gratuítas e moito máis participativas.

Un reo dunha destas execucións escapa da xustiza e atópase co grupo dos cómicos, que buscan un *Hombre Inocente* para a súa obra. O xogo teatral está servido: alguén que non é o que aparenta ser facendo de alguén que é o que é no fondo, pero que non parece que sexa.

Historias peregrinas é unha deliciosa comedia sobre as comedias, unha delicada galería de personaxes eminentemente teatrais para falar da vida, da aparencia e da realidade, da razón e o absurdo de ser, e para falar do que para todo home e muller de teatro é o máis querido: o teatro. Pero falar de todo isto sen pedantería, con sinxeleza e sentido do humor.

Cine

Cineuropa

Do luns 1 ao domingo 14 de novembro

Máis información en <http://cineuropa.compostelacultura.org>

Teatro

Salomé

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Autoría: Oscar Wilde

Dirección: Carlos Santiago

Adaptación e tradución: Pepe Sendón

Codirección: Víctor Mosqueira

Espazo sonoro: Fran Pérez (Narf)

Iluminación: Baltasar Patiño

Coreografía: Uxía Vaello

Escenografía: Pancho Lapeña

Vestuario: Cloti Vaello

Maquillaxe: Fany Bel

Elenco: Alberte Cabarcos, Marcos Correa, María Mera, Pepe Penabade, María Salgueiro e Hugo Torres

Do venres 26 novembro ao domingo 19 de decembro (venres e sábados ás 20.30 h; domingos ás 18.00 h; mércores e xoves ás 11.00 h: funcións concertadas cos centros de ensino)

Véxase o apartado “Producción propia” deste dossier (páxina 5).

Mostra de Teatro Infantil de Nadal

Os 4 de Xunqueira

LIMIAR TEATRO e MAO TEATRO

Dirección: Fran Núñez

Dramaturxia: Fran Núñez e Mary Paz Alonso, a partir da creación colectiva inspirada na idea orixinal Avelino González. Coa colaboración de Antonio Reigosa

Música: José Carlos Illanes

Escenografía: Fran Núñez e Diana Silva Dias

Vestuario: Lourdes Rodríguez

Iluminación: Pablo Iriarte e Fran Núñez

Elenco: Lucía Hernández, José Carlos Illanes, Manuel Polo e Alexander Vorontsov

Domingo 26 de decembro ás 19.00 h

Os 4 da Xunqueira é unha obra teatral e musical, dotada dun compoñente educativo e interactivo para os nenos e os vellos, o público obxectivo da obra, baseada na historia da tradición oral *Os catro amigos*, presente tanto na cultura portuguesa como na universal. O espectáculo combina música en directo, danza, teatro e malabares para narrar a historia de Can, Boi, Gata e Galo, catro músicos que foxen da cidade buscando no mundo rural un lugar para vivir e ensaiar.



Bicharada

BERROBAMBÁN

Dirección e dramaturxia: Evaristo Calvo

Escenografía: Pablo Giráldez "O Pastor"

Iluminación: Fidel Vázquez

Vestuario: Cloti Vaello

Música: Manolo Panforreteiro

Elenco: Paula Carballeira, Chiqui Pereira, Manolo Panforreteiro

Voz en off: Patricia de Lorenzo

Luns 27 de decembro ás 19.00 h

Unha araña e unha formiga viven tranquilas na paz do seu recuncho: unha almacena provisións no seu formigueiro e a outra tece a súa tea para cazar presas. Teñen costumes distintos e aínda así, son boas veciñas. Ata que un día aparece un animal misterioso ... un escaravello! A integración do novo veciño vai ser máis complicada do que parece.



Mostra de Teatro Infantil de Nadal

Trogloditas

TANXARINA TÍTERES

Dirección: Evaristo Calvo e Tanxarina Títeres

Escenografía: Pablo Giráldez "O Pastor"

Vestuario: Carlos Alonso

Iluminación, música e son: Tanxarina Títeres

Elenco: Miguel Borines, Eduardo "Tantán" e Andrés Giráldez

Martes 28 de decembro ás 19.00 h

Neste espectáculo, ambientado na prehistoria, tres trogloditas convidan aos asistentes a coñeceren, a través do humor e dos monicreques, o xeito de vida dos homes e mulleres das cavernas. A través da linguaxe corporal e sons primitivos, os actores interactúan cos espectadores, nun contexto dinámico e, xerando situacións cómicas.



O día que chegou unha nube e choveu

TÍTERES TROMPICALLO

Autoría: Marian González e Luís González

Dirección: Luís González

Escenografía: Marian González e Luís González

Actriz-Manipuladora: Marian González

Mércores 29 de decembro; dúas funcións: ás 17.00 e ás 19.00 h

Había unha vez que non había nada, máis que pedras, entón, chegou unha nube, choveu e formouse un manancial. Coa chegada da auga creceu a herba, e na herba as flores e as árbores, na auga naceron os peixes e as ras, despois chegaron os insectos, as ovellas, o lobo... en fin, a vida. Pero que acontece cando un día a auga desaparece? Esta historia achega os máis pequenos á natureza e á importancia da auga nas nosas vidas.



Mostra de Teatro Infantil de Nadal

Oh, que bonito é Panamá!

PANAMESIANA TEATRO

Autoría: Janosch / Panamesiana Teatro

Dirección: Petra Hofmann

Adaptación: Petra Hofmann / Panamesiana Teatro

Escenografía: Panamesiana Teatro

Vestuario: Petra Hofmann

Elenco: Mónica García, Petra Hofmann e Tomás Lijó

Xoves 30 de decembro ás 19.00 h

Oh, que bonito é Panamá! resulta da adaptación ao galego do conto do ilustrador e narrador alemán Janosch, unha peza teatral popularizada na maior parte de Europa pero practicamente descoñecida en Galicia e en España.

A obra conta a viaxe que Oso Pequeno e Tigre Pequeno emprenden ata Panamá seducidos polo aroma a plátanos dunha caixa que leva inscrito o nome dese país. Polo camiño atópanse cun León de peregrinación a Compostela, con que fan amizade e intercambian experiencias. A inocencia, a amizade, o respecto á natureza e a felicidade das cousas pequenas son os protagonistas absolutos deste xogo de teatro, monicreques, música e *clown*.



Venda de entradas

As entradas para asistir aos diferentes espectáculos do Salón Teatro póñense á venda no despacho de billetes, que permanecerá aberto todos os días de función dúas horas antes do comezo de cada actuación.

Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web www.caixagalicia.es. O prezo das localidades é de 10 euros (cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, usuarios do carné xove e desempregados), e de 5 euros o domingo, día do espectador.

04 FORMACIÓN CONTINUA

Curso sobre Shakespeare


A primeira actividade formativa que impulsará o CDG dentro deste apartado será o Curso sobre Shakespeare que Alfredo Padilla, actor arxentino afincado en Galicia, impartirá do 27 ao 30 de setembro no Salón Teatro. Especialista en teatro shakesperiano pola Royal Academy of Dramatic Art de Londres, Padilla desenvolverá cos alumnos as potencialidades creativas arredor da obra do gran dramaturgo inglés, tendo en conta o estilo, o xogo dramático e o ámbito en que se desenvolve o actor.

Para a posta en marcha deste curso, cóntase tamén coa colaboración do escritor Alfredo Conde, autor da versión en galego dos textos sobre os que se traballará nas sesións lectivas, coa conseguinte achega ao repertorio shakesperiano en lingua galega.

O CDG ofrece un máximo de 20 prazas dirixidas a persoas con especial interese no traballo actoral arredor do teatro de William Shakespeare, preferiblemente con experiencia ou con formación probada nas artes escénicas. O prazo de inscrición permanece aberto ata o 22 de setembro e o prezo da matrícula é de 40€.

O obxectivo do encontro é ofrecerlles aos participantes coñecementos e técnicas de interpretación adquiridos polo profesor durante a súa estadía na Royal Academy of Dramatic Art, que desde hai máis de cen anos é a academia de formación de actores shakesperianos por excelencia e onde estudaron figuras tan célebres como John Gielgud, Anthony Hopkins ou Kenneth Brannagh, entre outros. Deste xeito, abordarase o traballo do actor en Shakespeare a través da improvisación e da experimentación, así como do estudo da linguaxe, o estilo e o personaxe dentro do texto. Ademais, a posta en escena preparárase a partir de diferentes técnicas vocais e corporais.

A seguir, os alumnos introduciranse de cheo no mundo do gran dramaturgo a partir de diferentes monólogos e escenas, analizando personaxes shakesperianos en comedias e traxedias, o ritmo, o espazo e as intencións dentro dos seus textos. Ademais, e tras seleccionar varias escenas para traballar directamente sobre elas, levarase a cabo unha semimontaxe delas con todos os participantes.



Alfredo Padilla

Actor especializado en teatro shakesperiano pola Royal Academy of Dramatic Art (RADA) de Londres, comezou a súa traxectoria interpretativa na súa Arxentina natal, con varios grupos de teatro independente e dentro da compañía La Comedia da provincia de Bos Aires.

Instalado en España desde hai catro anos, traballou na produción da Sala Yago *A natureza do animal* e, a seguir, coa compañía Cámara Negra en *En la soledad de los campos de algodón* de Bernard-Marie Koltès, baixo a dirección de Carlos Álvarez Ossorio. Coa compañía A Internacional Teatro estreou durante 2007 e 2008 as montaxes *Perón-Perón* e *Frida*, baixo a dirección de Jorge Rey.

Ademais, en 2009 Alfredo Padilla representou en Londres e baixo as ordes de John Adams, director de escena da Royal Academy of Dramatic Art desde hai trinta anos, *The Fall of Anthony*, unha versión de textos de Shakespeare a partir de *Xulio César* e *Antonio e Cleo-*

patra na que interpretou os papeis de Xulio César e Marco Antonio.

Durante a súa estadía no Reino Unido para realizar o seu posgrao sobre o teatro de Shakespeare, Padilla estudou con Nona Shepphard, John Adams, Hugh Fraser (monólogos), Nick Hutchison (monólogos e escenas de multitudes en Shakespeare), Katya Benjamin e Alexander Technique (movemento e *Physical Performance*), Andrew Charity (canto shakesperiano), Greg De Polnay (linguaxe e estilo), Tim Hardy (escenas), Michael Gieleta (a personaxe dentro do texto), Alison Skilbeck (sonetos shakesperianos), Brigid Panet (escenas), Darren Royston (danza de época), Brett Yount (loita escénica), Adrienne Thomas (técnica vocal), Jessica Turner (sonetos) e Andrew Visnevski (escenas). Cada un destes docentes teñen unha forte vinculación ao mundo de William Shakespeare no Reino Unido, ben desde a BBC, a Royal Shakespeare Company, o Old Vic Theatre, o Young Vic Theatre ou o mesmo Globe Theatre.

05 SERVIZOS Á COMUNIDADE ESCÉNICA

O Centro Dramático Galego, como unidade da Consellería de Cultura e Turismo dedicada á produción e distribución de espectáculos teatrais, quere apoiar a comunidade escénica mediante o procedemento de cesión de espazos para realizar ensaios das súas novas producións. Deste xeito, tendo en conta a dispoñibilidade de horarios e o tipo de actividade que se desenvolva, pon ao dispor das compañías de teatro profesionais a nave industrial de servizos múltiples que mantén a Agadic no compostelán polígono empresarial de Costa Vella.

Actualmente, a compañía Lagarta Lagarta ultima na Sala Grande a próxima estrea da súa montaxe *Cásting, a comedia*, mentres que na Sala Pequena, a compañía Púnchame & Goza prepara o seu primeiro espectáculo *Roces e Goces*, baixo a dirección escénica de Marta Pazos.

Por outra banda, desde o luns 27 de setembro e ata a segunda quincena de novembro, a nave permanecerá ocupada cos ensaios de *Salomé*, a nova produción do CDG.

06

CONSELLO ASESOR

Sete profesionais procedentes de distintas áreas do sector cultural galego configuran o novo Consello Asesor do CDG, órgano de consulta, debate e asesoramento cara ao desenvolvemento do plan de actividades da compañía pública.

Gerardo Pereira Menaut, catedrático de Historia Antiga da Universidade de Santiago de Compostela; Marcelino de Santiago “Kukas”, artista plástico e titiriteiro; Roberto Taboada, programador cultural do Concello de Ferrol; Carlos Neira, director da Escola de Teatro “Espacio Aberto” de Santiago de Compostela; Ana

Vallés, directora teatral e do Festival En Pé de Pedra; Alfonso Pato, xornalista e director do Festival de Cans; e Xan Cejudo, director teatral e actor de teatro, cine e televisión, integran este consello segundo a proposta da directora Blanca Cendán.

A apertura deste órgano consultivo a outros ámbitos culturais, ademais do escénico, ten como obxectivo favorecer o proceso de produción e distribución do CDG, así como a actividade desenvolvida no Salón Teatro de Santiago a través de achegas procedentes de diferentes perspectivas e experiencias profesionais.